

PRÓLOGO

No 1989 Allariz viviu varios meses de fortes protestas que remataron coa dimisión do alcalde e a formación dun novo goberno municipal de amplísimo respaldo popular do que formaban parte algúns dos cidadáns que máis salientaran na revolta. A propia decadencia da vila, o deterioro do seu importante casco histórico-monumental así como a crecente contaminación do río Arnoia, que como ten sinalado Xosé Carlos Sierra “ocupaba una parte importante en la carga simbólico-afectiva de la autoestima de muchos alaricanos”¹ foron os detonantes dunha amplísima e pacífica rebelión que pode ser considerada propiamente como un verdadeiro conflito ambiental.

Para os habitantes de Allariz o río non fora só un motivo estético, paisaxístico ou sentimental, senón tamén a cerna durante séculos da súa actividade económica, motivo polo que a súa limpeza e recuperación que emprendeu o novo goberno presidido por Anxo Quintana non podía obviar un elemento de asunción do seu patrimonio herdado. E dentro daquel patrimonio herdado, a carón de importantes elementos románicos, existía unha importante tradición na industria do coiro situada á beira do Arnoia. Todo alaricano tiña algún familiar que traballara ou tivera parte naquela actividade, comezando polo novo alcalde.

Moi axiña aquelouse o antigo muíño do Burato e a antiga fábrica de coiros do Mangana, que se converteu con éxito nun establecemento de restauración. A seguir, o Concello realizou unha intelixente permuta urbanística co propietario dunha das antigamente mais importantes fábricas, a de Rumbao, co obxecto de poder intervir nela. O

1 Xosé Carlos SIERRA RODRÍGUEZ, “Museos y patrimonio etnológico. Una propuesta para el desarrollo: los casos de Allariz y Vilar de Santos”, en *Cuadernos de Patrimonio Etnológico. Nuevas perspectivas de estudio*, Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, Junta de Andalucía, Granada, 1999, páxs. 192-211.

pobo precisaba dunha piscina climatizada e a antiga fábrica de Rumbao destinaríase a tal fin. Ese foi o meu primeiro contacto co proceso de recuperación en Allariz. Un camarero dun bar, así como algún seareiro increpáronme (eso sí, amablemente) cando suxerín que a fábrica de Rumbao reunía as condicións para ser o mellor museo do coiro de Europa. -En Allariz manda o pobo, e o pobo quere unha piscina climatizada- dixéronme rexamente convencidos.

Finalmente, o proxecto de recuperación foi depurándose e consolidándose e, dentro do que pasou a denominarse Parque Etnográfico do Río Arnoia, a fábrica de Rumbao foi inaugurada como museo en febreiro de 1995. A piscina foi para outro sitio e Allariz pasou a contar co que naquel ano era o mellor museo europeo da súa especialidade. A fábrica pasaba a xogar un papel central na recuperación urbana. Logo viría a de Raspiña, a da Lombarda, etc.

As actuacións urbanísticas e ambientais do novo goberno, respectuosas coa tradición local, non só acadaron un éxito indiscutible desde o punto de vista patrimonial e do desenvolvemento local senón que noutro plano romperon, como tamén ten sinalado Xosé Carlos Sierra co discurso etnográfico dominante en Galicia ao atribuir centralidade a elementos patrimoniales de carácter industrial e non só artesanal ou precapitalista².

Allariz deixaba ver así que Galicia contaba con un patrimonio industrial non despreziable, que adoptaba formas moi canónicas en sectores como o da conserva, ou o naval, con edificios monumentais (Massó, Alfageme, Arsenal de Ferrol, etc.) situados nas bisbarras mais desenvolvidas, mais tamén outro patrimonio industrial menos aparente espallado por todo o país. As fábricas de coiros, como as de salga,

2 Xosé Carlos SIERRA RODRÍGUEZ, "Patrimonios menores y espacios locales. La musealización como alternativa. La situación de Galicia", en José Manuel IGLESIAS GIL (editor), *Actas de los XII Cursos Monográficos sobre el Patrimonio Histórico*, Ayuntamiento de Reinosa, Universidad de Cantabria, 2002, páx. 92.

non usaban apenas elementos mecánicos pero como se indica neste libro había nelas un investimento en capital fixo por parte duns empresarios que se plasmaban en edificios de titularidade privada con instalacións de produción específicas, que pagaban salarios aos traballadores e que, con todo o vagar que se queira, foron introducindo pequenas innovacións técnicas para melloraren o produto.

As actuacións e resultados de Allariz conseguiron converter a vila en emblema da tradición curtidora galega. Pero aquela tradición dunha industria que producira mais dun 25% da produción española do sector durante un século deixara pegadas en moitos outros lugares de Galicia. Allarizar Galicia é en realidade o obxectivo deste libro. Dar a coñecer a extensión das pegadas daquela industria no noso país, salientar os mellores e mais valorizables exemplos dela e aguilloar a súa conservación e reutilización dentro de programas para o Desenvolvemento local / rural, tal e como se fixo na vila ourensá.

Compre dicir que, en todo caso, Claudio Otero non empezou por Allariz o seu estudio da historia e o patrimonio do sector curtidor. Fíxoo mais ben polo local, polas fábricas da súa tribo chantadina ás que dedicou o seu traballo final dun máster en Desenvolvemento Rexional na Universidade de Santiago, un traballo que foi premiado no VII Certame de Investigación Condado de Pallares e publicado pouco máis tarde. Recordo que para él aquel traballo permitiulle desvendar tantas cousas que foi o que o aguilloou a ampliar o acado da súa investigación a toda Galicia en forma de tese de doutoramento. De vila en vila e de aldea en aldea, e logo de percorrer un número de kilómetros que lle tería permitido dar a volta ao mundo, e con un talante que a mín sempre me recordaba o da Xeración Nós, defendería a súa tese en 2017 nunha Facultade e nun tema que tiña pouco que ver coa súa formación xurídica nin coa súa actividade laboral. Tratábase dun traballo innovador

e coído que non é ocioso salientar que foi a primeira tese de doutoramento que se ten defendido en universidades galegas sobre patrimonio industrial. Aínda iría ampliando logo o eido da súa pescuda e publicaría traballos sobre outras tribos, a das industrias do coiro en Alfoz, en Vilalba, en Castroverde. Non é, xa que logo, esta a súa primeira publicación sobre o tema, pero sí a mellor.

E sendo un libro relativamente pequeno, é un gran libro. Por dous motivos. O primeiro, que é o resultado, moi depurado, dun amplísimo e moi serio traballo académico no que investigou, inspeccionou e pateou a pegada no territorio de 241 antigas fábricas de coiros, percurando nelas semellanzas, diferenzas, tipoloxías, historias. Non só, xa que logo, describindo, senón tamén analizando e conceptualizando en termos comparativos a singularidade e as formas do patrimonio estudado.

O segundo motivo polo que é un libro importante é porque o autor non se sentíu na obriga de transmitir ao lector todo o que sabe senón só unha visión moi resumida, pasada por moitas peneiras, con un grao de depuración e elaboración moi forte no que en poucas páxinas consegue transmitir o esencial da súa investigación e presentar unha visión xeral moi ben estruturada e ao acado de calquera lector. Hai niso unha renuncia a presentar o inxente traballo realizado en aras de ofrecer unha lectura breve e amena. Como ademáis Claudio escribe moi ben, o resultado é un libro que combina de forma exemplar investigación e divulgación, un libro no que se fala non só das tipoloxías dos edificios senón tamén das persoas que traballaban neles, das paisaxes que construíron.

O libro inclúe ademáis a selección dos que en función de criterios de monumentalidade, representatividade histórica ou grao de conservación serían os 25 mellores elementos en pé do patrimonio da industria do coiro en Galicia. Como todo iso está acompañado de fotos e localización, o

libro é tamen un convite a coñecer eses pequenos monumentos, a percorrer o país con unha perspectiva distinta a do turista común. E quizáis tamén un chamado aos responsables da conservación do patrimonio en cada nivel de responsabilidade a debuzárense un chisquiño mais cara a do patrimonio industrial de Galicia.

Finalmente, agardo que o lector siga o libro co interés e co aprezo co que eu fun seguindo a traxectoria investigadora do seu autor. Que aínda ten un largo camiño por diante.

Xoán Carmona Badía
Catedrático de Historia e Institucións Económicas da USC

ÍNDICE

Prólogo.....	9
Limiar	15
1. O cadro histórico.....	29
O rápido fulgor.....	31
O vagaroso esmorecemento	38
2.As paisaxes industriais	47
As lóxicas da localización industrial	49
As diferentes paisaxes industriais	55
<i>A paisaxe industrial en ringleira ou lineal</i>	55
<i>A aldea fábrica</i>	62
<i>A paisaxe industrial-agraria</i>	65
O Parque Etnográfico do Río Arnoia (PEDRA)	70
<i>Xermolo e desenvolvemento do Parque Etnográfico do Río Arnoia (PEDRA)</i>	70
<i>A construción da paisaxe industrial</i>	72
<i>Elementos industriais do PEDRA: curtidoiros, muíños de moer cereais e industria hidroeléctrica</i>	78
<i>Valoración</i>	87
3.Unha sociedade industrial de baixa intensidade.....	89
A memoria do traballo industrial	91
<i>A cultura do traballo industrial: o empresariado</i>	93
<i>A clase traballadora</i>	102
<i>As relacións entre as dúas clases sociais</i>	108
A fábrica de curtumes e a súa contorna	111

4. Os edificios fabrís	115
As tipoloxías arquitectónicas	118
A arquitectura popular industrial dos curtumes.....	124
<i>O edificio industrial</i>	128
<i>A distribución funcional do espazo interno do</i> <i>curtidoiro galego</i>	138
<i>Outras estruturas anexas ao curtidoiro</i>	141
 5. Os bens móbeis de produción de coiros.....	151
As ferramentas	154
As máquinas	166
 6. Os curtidoiros máis senlleiros	179
O Curtidoiro dos Arruti	181
O Curtidoiro dos Cadarso	183
O Curtidoiro do Carme de Garra-Harguindey.....	186
O Curtidoiro das Casas do Rego.....	188
O Curtidoiro da Casqueira	191
O Curtidoiro da Familia Nogueiras.....	194
A Fábrica da Florida ou O Pazo da Mercé	198
O Curtidoiro de Furelos	201
O Curtidoiro do Liñar	204
O Curtidoiro da Madalena.....	207
O Curtidoiro do Mangana	210
O Curtidoiro do Merluza	213
O Curtidoiro da Perillana	215
O curtidoiro PICUSA	218
O Curtidoiro da Ponte Pedriña de Arriba	222
O Curtidoiro de Rellas.....	225

O Curtidoiro da Ribeira de San Lourenzo	227
O Curtidoiro de San Nicolás de Sar	230
O Curtidoiro de Souteleira	232
O Curtidoiro de Torguedo	234
O Curtidoiro da Torre Lombarda	237
O Curtidoiro de Treilán	241
O Curtidoiro de Valderías.....	243
O Curtidoiro de Vilanova	246
O Curtidoiro da Xunqueira	249
Conclusións.....	253
Glosario	257
Bibliografía citada.....	277